

PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O 1 de decembro de 2023 foi aprobado o Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta Consellería, de acordo coa estrutura vixente nese momento, segundo o previsto no Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

O día 27 de maio de 2024 foi publicado no Diario Oficial de Galicia o Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública e se derroga o anterior. De acordo coas previsións deste novo decreto:

- a) Suprímese a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, cuxas competencias son asumidas pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- b) A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio asume as competencias e funcións en materia de xogo que ata o momento eran exercidas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e perde as competencias e funcións en materia de patrimonio, que son asumidas pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

Ambos os órganos cambian a súa denominación por Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, e Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, respectivamente.

- c) Cambian a súa denominación, sen cambio nas súas competencias e funcións os seguintes órganos:
 - A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos pasa a denominarse Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.
 - A Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos pasa a denominarse Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos.
 - A Dirección Xeral de Función Pública pasa a denominarse Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

Agás a Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro e a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, todos os órganos e entidades da consellería manteñen en termos xerais as competencias e funcións que



foron obxecto de avaliación de riscos no plan aprobado o 1 de decembro de 2023, polo que os seus plans específicos respectivos conservan a súa vixencia.

En consecuencia, procede realizar as seguintes modificacións no antedito plan:

- Deixar sen efecto os plans específicos correspondentes á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
- Aprobar e incorporar os seguintes plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude:
 - Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro
 - Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
- Adicionalmente incorporase o plan específico de riscos de xestión e medidas antifraude do Consello Económico e Social de Galicia.

As persoas titulares destes centros directivos formularon as propostas de aprobación dos seus respectivos plans específicos, co que con esta addenda o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	DATA DA PROPOSTA APROBACIÓN/ INCORPORACIÓN
Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro	12/9/2024
Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico	1/12/2023
Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos	1/12/2023
Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal	1/12/2023
Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio	8/8/2024
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma	1/12/2023
Instituto Galego de Estatística	1/12/2023
Escola Galega de Administración Pública	1/12/2023
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	1/12/2023
Retegal, SA	1/12/2023
Consello Económico e Social de Galicia	18/9/2024



De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

A primeira addenda do plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Facenda e Administración Pública aprobado o 1 de decembro de 2023, que se insire a continuación.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	1
2.	CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
3.	RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4.	ANEXOS.....	4
4.1.	PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO.....	4
4.2.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTÓNOMICO.....	4
4.3.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS.....	4
4.4.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL.....	4
4.5.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO.....	4
4.6.	PLAN ESPECÍFICO DA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	4
4.7.	PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA.....	4
4.8.	PLAN ESPECÍFICO ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.....	4
4.9.	PLAN ESPECÍFICO AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA.....	4
4.10.	PLAN ESPECÍFICO DE RETEGAL, S.A.....	4
4.11.	PLAN ESPECÍFICO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA.....	4



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 1 de decembro de 2023 a Consellería de Facenda e Administración Pública aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, acorde coa estrutura e a distribución de competencias establecidas no Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Porén, a aprobación dunha nova estrutura co Decreto 141/2024, do 20 de maio, fai precisa unha adaptación do plan anterior.

O presente documento inclúe, ademais dos plans específicos xa aprobados en decembro de 2023 (Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Instituto Galego de Estatística, Escola Galega de Administración Pública, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e RETEGAL, S.A.), os correspondentes aos centros directivos que se relacionan a continuación, e que se incorporan como anexos a esta addenda:

- Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro
- Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
- Consello Económico e Social de Galicia

2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.



Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, a Consellería de Facenda e Administración Pública configúrase como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda e de función pública se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e as competencias en materia de simplificación administrativa e de xogo, de conformidade coa lexislación vixente, e en materia de estatística e de formación, sempre que non correspondan a outra consellería. Así mesmo, corresponderanlle as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, establece que, para o exercicio das súas funcións, a Consellería de Facenda e Administración Pública se estrutura nos seguintes órganos de dirección:

- A Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.
- A Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.
- A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos.
- A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
- A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.
- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Continúan adscritos á Consellería de Facenda e administración Pública as seguintes entidades (artigo 2):

- Instituto Galego de Estatística
- Escola Galega de Administración Pública
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Axencia Tributaria de Galicia
- Consello Económico e Social de Galicia

Ademais destas, continúa adscrita tamén a sociedade anónima RETEGAL.

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como



interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, dada a complexidade da estrutura organizativa ou o número de entidades adscritas a esta consellería, considérase conveniente constituír un comité de integridade que asuma as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actúe como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas do plan da consellería.

Así, quedan designadas como persoas integrantes do comité de integridade desta Consellería:

- A persoa titular do Servizo Técnico Xurídico da Secretaría xeral Técnica e do Tesouro
- A persoa titular da Subdirección xeral de Planificación e Análise Económica da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
- A persoa titular do Servizo de Programación e Avaliación de Fondos Europeos da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos
- A persoa titular da Subdirección xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
- A persoa titular do posto de auditor do equipo 4 da Dirección xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.
- A persoa titular da Subdirección xeral de Fiscalización e Control Interno da Intervención xeral da Comunidade Autónoma
- A persoa titular da Secretaría xeral do Instituto Galego de Estatística
- A persoa titular do servizo de Programación das Actividades de Formación da Escola Galega de Administración Pública
- A persoa titular da xerencia da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia
- A persoa na que o Comité de Cumprimento de Retegal, S.A. delegue a xestión do seu Sistema Interno de Información (actualmente a persoa titular do posto de Director de Calidade, Prevención de Riscos Laborais e Medio ambiente)
- A persoa titular da Secretaría Xeral do Consello Económico e Social de Galicia



4. ANEXOS

- 4.1. PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO
- 4.2. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO
- 4.3. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS
- 4.4. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
- 4.5. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO
- 4.6. PLAN ESPECÍFICO DA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
- 4.7. PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA
- 4.8. PLAN ESPECÍFICO ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 4.9. PLAN ESPECÍFICO AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA
- 4.10. PLAN ESPECÍFICO DE RETEGAL, S.A.
- 4.11. PLAN ESPECÍFICO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

